



O GROVE • Nº 17 - 1º TRIMESTRE 2010
EDITA: C.M.D.C. BReOGÁN
Apdo. Correos nº 86 - Telf./Fax. 986 73 32 93
e-mail: clubbreogan@telefonica.net

Escola de Música

Cabalgata de Reis

Asemblea de socios

**Os equipos de xadrez,
campións**

**Resumo do inicio
da tempada de
piragüismo**

Actividade da ADM

**VI Gala do Deporte
Meco**

**Premios 2009 da
FGP**



R./ País Vasco, 5 - Bajo • 36980 O GROVE (Pontevedra)
Tef. 986 732 195 - Fax 986 735 027
E-mail: construcciones@riasbaixasnet.com

Escola de música

Amador Míguez.

Dir. Escola de Música Breogán

Este curso na Escola Breogán notouse a crise. Dende que comenzaron as clases, catro alumnos se foron a estudar a outra cidades, outros alumnos abandonaron por ir mal nos estudos e, outros pola crise propiamente dita. Así pois, o número baixou a 20 alumnos antes de decembro para logo irse recuperando pouco a pouco nos meses de febreiro e marzo, chegando ata 31 alumnos ata o día de hoxe.

Alumnado

A nosa escola ten un número total de 31 alumnos, que están repartidos da seguinte maneira:

- Liguaxe musical: 30
- Alumnos de piano: 13
- Guitarra: 13
- Baixo: 1
- Saxofón: 1
- Batería: 2

Ademais tivemos clases de verán no ano 2009, nos meses de xullo e setembro nas que participaron 9 alumnos, o que supón unha maior participación có ano anterior.

Prezo

No tocante aos prezos, a Escola de Música Breogán mantivo os prezos sen subida dende hai 5 anos, como medida de captación

de clientes e, medida paliativa ante a crise.

Metodoloxía

A metodoloxía empregada na escola de Música Breogán varía segundo a demanda e os gustos dos alumnos.

Normalmente mesturamos a música clásica, pezas coñecidas ou modernas, e incluso cancións que os alumnos piden en exclusiva e que adaptamos ao nivel do alumnado. É dicir, facemos todo o posible para que o alumno

aprenda con diversión.

Este ano estamos iniciando os alumnos cara á música de cámara. Isto consiste en xuntar dous ou máis instrumentos para tocar unha canción.

Temos tamén un combo musical, formado por un número de 4 alumnos. Trátase dun grupo musical formado por batería, baixo, teclados e dúas guitarras. Neste grupo faise calquera estilo de música polo que resulta moi ameno para os alumnos. Por iso, debido ao seu bo funcionamento, estamos en fase de crear un segundo grupo, cousa que depende



XUNTA DE GALICIA

PRESIDENCIA

Secretaría Xeral para o Deporte



sempre dos alumnos.

Actividades

Os nosos estudantes teñen moitas e variadas actividades:

- Varios alumnos son compoñentes no coro da Igrexa Evangélica do Grove.

- Petición de alumnos para unha cabalgata de entroido do Grove.

- Avaliacións por trimestres

para ter referencia do nivel do alumno.

- Outra celebración importante que levamos a cabo é a Festa do Nadal, feita na Escola de Música, na que participamos todos os integrantes da mesma.

Así mesmo temos proxectadas próximas celebracións e actividades para o 3º trimestre

como son: nota finais, Festival Fin de Curso. Estamos traballando para facela na Casa da Cultura do Grove e a data está aínda sen determinar.

Compre dicir que na Escola de Música Breogán estamos abertos a calquera demanda que nos propoñan, querendo mellorar sempre en ben do alumnado.



Concello do Grove

**CONCELLERÍA DE SEGURIDADE CIDADÁ
E EMERXENCIAS, DEPORTES
E LIMPEZA**



Cabalgata de reis

Un ano máis Breogán estivo presente na Cabalgata de Reis, co que colaboramos a encher de ledicia ós máis cativos, e ós que xa non son tan cativos, pois todos temos un pouco de nenos.

Este ano, como puidesedes ver, sacamos á rúa unha carroza en forma do Castelo de Disney, na que se mesturaban bonecos de Disney feitos en chapas de madeira, cun grupo de nenos e nenas disfrazados con personaxes coñecidos de Disney.

Temos que dicir que os que participamos na confección desta carroza quedamos moi satisfeitos co resultado e, so ver a cara de ilusión dos cativos foi a mellor recompensa.

Como dixemos no anterior número, grazas a Hierros Santa Cruz e a Paco Torres, estreamos un carro novo para levar a carroza. Carro que reúne as condicións adecuadas para no caso de ser necesario, poder adaptalo para levar as piragüas, polo que como se di “matamos dous paxaros dun tiro”.



Deputación Pontevedra



Fotografía extraída de TODOGROVE.COM

Resumo da asemblea de socios

O venres 26 de marzo celebrouse a Asemblea Ordinaria Xeral de Socios correspondente ó ano 2010, que tivo como escenario o Pavillón de Deportes Náuticos.

No transcurso da mesma, deuse conta das actividades realizadas polas distintas seccións (xadrez, música e piragüismo) durante o pasado ano así como outras actividades nas que participamos: cabalgata de reis ou carreira popular da Festa do Marisco (formando parte da ADM), etc.

O balanço de contas deu un resultado, a 31 de decembro, cuns gastos duns 116.000 euros e uns pendentes de pago duns 33.000 euros; aínda que suma-

dos os ingresos e os pendentes de cobro o resultado final do exercicio de 2009 foi positivo.

Tamén se aprobou o orzamento para o presente ano, o 2010, por un valor de 97.500 euros, autorizando a asemblea á xunta directiva a solicitar unha póliza de crédito sempre e cando fose necesario, nalgún momento do ano, por falla de liquidez.

En rogos e preguntas, o presidente deu conta da iniciativa que se está a levar dentro da ADM de cara a conseguir unhas instalacións dignas no Grove, xestións e iniciativas que acadaron o respaldo da asemblea.

Remata a asemblea ordinaria deuse paso á asemblea

extraordinaria, cuxo único punto na orde do día era: “Elección de nova Xunta Directiva, por remate do mandato da actual”. Como só se presentou unha candidatura, esta quedou como nova Xunta Directiva, estando formada por Félix Lamas-Presidente, Ramón García-vicepresidente, David Mascato-vicepresidente deportivo, José M. Álvarez-secretario, M^a Antía Rodríguez-tesoureira e os vocais Javier Outeda, Marcelino Cacabelos, Simón Díaz e Arturo Garrido. Con todo, quedou aberta a directiva a novas incorporacións, como a dun membro do equipo de xadrez ou calquera socio(a) que queira botar unha man.



Agradecemento a Vinilo

Queremos aproveitar estas páxinas para enviarlle o noso agradecemento ós respnsables do Pub VINILO, que veñen colaborando desinteresadamente cos nosos equipos de xadrez, facilitando o local para que nas tardes dos sabados poidan xogar as súas partidas como locatarios.

O equipo de xadrez “Breogán A” encabeza a primeira división

Impresionante a temporada dos nosos equipos de xadrez, que dominan as súas respectivas competicións, así o Breogán “A” domina a Primeira División, cando fallan dúas xornadas para o remate da liga mentres que o Breogán “B” se proclamou Campión do seu grupo da Terceira División e acada o ascenso.

O Breogán “A”, marcha na cabeza da táboa do Grupo B da Primeira División-Galicia, despois de disputadas nove xornadas, nas que acadou seis triunfos, un empate e dúas derrotas. Co cal encabeza a clasificación con 25 puntos, a catro puntos do segundo clasificado. De manter esta posición faríase acreedor do ascenso a División de Honra Galega, a máxima

competición autonómica.

O equipo estivo formado por: José M. Pérez, Juan C. Gil, David

Torres, Juan J. Montes, Cristóbal Barral, Dominic Robin Cross e Heladio Outeiro.

Primeira división de Galicia, Grupo B:

1. Breogán A (25 puntos)
2. CXF-Casa Xuventude (21 puntos)
3. Padrón (19,5 puntos)
4. Alexandre Bóveda “B” (19 puntos)
5. Safa “A” (18 puntos)
6. Karpov Amateur (18 puntos)
7. Mercantil Riveira “A” (17,5 puntos)
8. Marín “A” (16 puntos)
9. Exp. Alexsei Shirov (15 puntos)
10. Marquiño (14,5 puntos)
11. C. Xadrez Ourense “C” (12,5 puntos)
12. Dominicos-Casino (8 puntos)



HABITAT

Decoración

“Breogán B”, campión do Grupo “G” da Terceira División Galega

O equipo de xadrez do Breogán “B” proclamouse Campión do Grupo G da Terceira División Galega de Xadrez, fito que ademais lle serve para ascender e o vindeiro ano xogar na Segunda División.

A formación do equipo estaba formada por Alberto García, José M. Álvarez, David Otero, Martín Torres, Xavi Míguez, Francisco Álvarez e José L. Boga.

Os resultados obtidos durante o transcurso desta liga foron practicamente inmejorables,

pois gañaron todos os enfrontamentos disputados, agás o que os enfrontou con CXF-Restaurante A Pedra, cos que empataron a dous. Isto levounos a conseguir un total de 22,5

puntos, que lle deron o primeiro posto, superando en punto e medio ó CXF-Valdumia, e o vin-

Terceira División, Galicia, Grupo “G”

1. Breogán “B” (22,5 puntos)
2. CXF-Valdumia (21 puntos)
3. CXF-Deportes Rodas (21 puntos)
4. CXF-Restaurante A Pedra (17 puntos)
5. CCD Sanxenxo (13,5 puntos)
6. Manuel Morales (9 puntos)
7. Pelida-Aquiles (4 puntos)
8. Manuel Iglesias (3 puntos)

deiro ano o equipo Breogán “B” ascende de categoría e competirá na Segunda División Galega.

Fotografía extraída de TODOGROVE.COM



aquariumgalicia



Inicio da tempada de piragüismo

Iniciamos a temporada 2010 con bastantes cambios: dende os cambios de competición e división de categorías nas competicións nacionais ata algunhas modificacións no equipo, por mor de algún palista que se foi a outro equipo, outros que deixaron de remar e un grupo de palistas que subiron dende o equipo de promoción.

Con estes mimbres preséntase unha temporada diferente ás anteriores e haberá que ir vendo como responden os distintos clubs nas primeiras regatas para ir definindo como vai resultar o resto da temporada.

De inicio contamos con varios deportistas concentrados: os seniors Cristian Rivademar, Damián Ramos, Jacobo Domínguez e Álvaro Bravo; co grupo de Londres 2012: Lara Díaz (xuvvenil) e Tania Álvarez (cadete) no Centro Galego de Tecnificación Deportivo.

Comenzou a temporada o 20 de febreiro coa disputa do Control Galego de Inverno, en Castrelo de Miño e onde acadamos o sétimo posto por clubs. A nivel individual podemos destacar a primeira posición de Tania Álvarez no K-1 muller cadete.

Castrelo de Miño tamén aco-



lleu o Control Galego de Inverno, que se celebrou o 6 de marzo e onde o equipo mellorou os resultados acadados quince días antes, ocupando nesta ocasión a quinta posición por clubs.

Tania Álvarez repetiu o primeiro posto na súa categoría, Cristian Ribadomar foi medalla de



"la Caixa"

bronze no C-1 senior por diante de Damián Ramos. Tamén foi destacable o cuarto posto do canoísta cadete Manuel García.

Ademais, disputouse o Campionato Galego de Veteranos, onde acadamos o terceiro posto por clubes, no que Simón Díaz foi primeiro en K-1 veterano “B” e, Marcelino Cacabelos foi cuarto en C-1 veterano.

Os días 20 e 21 de marzo celebrouse en Sevilla o Campionato de España de Inverno, ó que acudimos cun equipo formado por 16



fixose coa Medalla de Ouro no C-1 Sub-23 e Manuel García foi Medalla de Bronce entre os C-1 cadete de primeiro ano.

A tempada de promoción iniciouse cunha regata galega de infantís en Pontevedra o día 26 de marzo. Tivemos varias baixas no

equipo que presentamos e rematouse nun sexto posto por clubes.

A nivel individual non se acadou ningunha medalla nesta primeira regata pero os resultados, a nivel xeral, foron bos e non dubidamos que nas vindeiras chegarán as medallas.



deportistas que obtiveron o sétimo posto por clubes.

A nivel individual destacan as catro medallas acadadas polos nosos deportistas: Tania Álvarez proclamouse Campiona de España en K-1 muller cadete, David Mascato acadou a Medalla de Bronce en C-1 senior, Cristian Ribadomar

Restaurante - Taberna

A TRAIÑA



Beiramar, 54 O GROVE • Telf. 986 73 15 92

Maior actividade da ADM

No 2009 a actividade da ADM decreceu con respecto do ano anterior pero neste 2010 o traballo realizado aumentou moitísimo por mor da loita que se iniciou na procura do pagamento da Débeda Histórica que manteñen as distintas administracións co pobo do Grove no que se refire a instalacións deportivas.

Os clubes que formamos parte da ADM, visto que os mandatarios políticos non se poñen de acordo, o tempo vai pasando e as instalacións seguen sen facerse, demos un paso adiante e aproveitando que temos formada a Asociación do Deporte Meco quixemos facer de intermediarios entre as distintas administracións para que as instalacións deportivas que se merece o noso pobo sexan pronto unha realidade. Para isto solicitamos diversas reunións co Concello do Grove, Deputación de Pontevedra, Delegado Provincial da Xunta de Galicia e Secretario Xeral para o Deporte.

Gustaríamos dicir aquí que na reunión do Consello Local de Deportes do 04-05-2009 se presentou o Proxecto Deportivo do Monte da Vila, que inclúe a construción dunha piscina e un pavillón de deportes. Este proxecto recibiu o apoio de todos os presentes nesa reunión, é dicir, todos os grupos políticos con representación municipal e un total de 16 clubes locais.

Neste mesmo órgano, o CLD o 12-01-2010, a ADM presentou a súa proposta ós demais membros alí presentes e esta foi apoiada por unanimidade e mesmo se animou ós membros da ADM a seguir adiante.

Dende aquela mantivemos numerosas reunións, dende o alcalde e o concelleiro de deportes do Grove, pasando polo Xefe do



Servizo de Deportes de Pontevedra, Delegado Provincial da Xunta de Galicia, Presidente da Deputación de Pontevedra e seguimos agardando polo Secretario Xeral para o Deporte.

Por outra banda mantivemos reunións con diversos colectivos do Grove para darlle conta da nosa iniciativa e, ó tempo, solicitarlles o seu apoio. Polo de agora,

todo foron apoios e ánimos por parte de todos os colectivos cos que nos reunimos: Emgrobes, CIT, Asociación de Hostelería, Cofradía de

Pescadores, Asociación Anduriña, etc.

Despois de informar ós colectivos da nosa vila, agora deuse un paso máis para chegar á cidadanía e iniciouse unha recollida de sinaturas entre os veciños para deixar moi claro o apoio de todos(as) os veciños do Grove na súa xusta reclamación dunhas instalacións

deportivas.





VI Gala do Deporte

O Salón de Actos da Casa da Cultura quedouse raquítico para acoller a gran cantidade de persoas que acudiron á celebración da VI Gala do Deporte Meco, celebrada o día 28 de marzo.

Cinco eran os finalistas que tiña Breogán en varias das modalidades a galardoar nesta Gala: Cristian Ribademar e David Mascato optaban ó Mellor Deportista Masculino de Elite, en base ó Subcampionato de Europa e ó Subcampionato do Mundo que obtiveron formando o C-2 senior español na modalidade de maratón.

Logo de lido o fallo do xurado, Cristian Ribadomar e David Mascato foron premiados como Mellor Deportista Masculino de Elite, en base ó Subcampionato de Europa e ó Subcampionato do Mundo que obtiveron formando o C-2 senior español na modalidade de maratón.

E o equipo de piragüismo foi nomeado como Mellor Clube polo seu terceiro posto na Liga Nacional de Piragüismo e polos sete palistas que competiron en diversas regatas e campionatos internacionais coa selección española, levando o nome do Gro-

ve polo mundo adiante.

No apartado de recoñecemento a un feito especial en cada clube, os nosos deportistas da categoría infantil recolleron cadanseu seu diploma polo sétimo posto acadado na Copa de España de Infantís.



VICTOR OTERO PROL

ARAG
Especialistas en
Seguros de Defensa Jurídica

Allianz

Asesoría Fiscal e Contable •

Asesoría Laboral •

Sociedades •

Administración de Fincas •

Mediador de Seguros Colexiado •

**Especialista en Seguros de Vida •
Aforro e Inversión**

O Corgo, 59 baixo - Telf/Fax. 986 73 31 25 - 36980 O GROVE Pontevedra



Premios da Federación Galega

Aproveitando a celebración do Campionato Galego de Inverno, a Federación Galega de Piragüismo fixo entrega dos premios cos que a Xunta Directiva da mesma reconece ós mellores en diversos apartados ó remate de cada temporada.

Nesta ocasión o Breogán estivo presente en dous destes premios: Mellor Organización e Mellor Promesa.

A regata que Breogán organizou no 2009, coa colaboración e patrocinio do Concello do Grove, que foi a “VI Volta á Illa da

Toxa”, foi merecedora do galardón de Mellor Organización. Mérito este que temos que trasladar en parte ás empresas da Toxa, que tamén colaboraron neste evento.

Por outra banda, o premio de Mellor Promesa Masculino foi para os deportistas galegos (tres) que formaron parte do K-4 500 m. do equipo español que na categoría Sub 23 se proclamaron Campións de Europa. Entre os tres deportistas galegos que formaban parte da tripulación atopábase o breoganista Álvaro Bravo.

